

## **5. A vinculación de O Buriz co mosteiro de Monfero**

### **5.1. Apuntes para a historia do mosteiro de Monfero**

#### **Foto da igrexa de Monfero. N.**

A vida e historia da nosa parroquia está marcada pola súa vinculación co Mosteiro Cisterciense de Santa María de Monfero e, como dixemos, é unha parroquia con moitísima documentación por ser esta parroquia case 700 anos un priorado de dito mosteiro, o cal tivo a súa casa de rentas en varios lugares: na Graña para cobrara as rentas de O Buriz; e a Granxavella de Labrada para cobrar os foros daquela parroquia. Logo, polos anos 1706-1708 unificanse as dúas casas no pequeno mosteiro da Granxa dos Carrís, que se constitúe como Priorado onde vivían un monxe, dous ou tres legos e os criados que fosen precisos. Aínda hoxe se conservan algúns restos daquela casa dependente de Monfero: a capela, algunhas ruínas do convento e os muros da cerca, que era a finca que rodeaba o Priorado.

Velaquí, algúns datos, para coñecer a historia da nosa casa matriz. Os comezos do século XII, son momentos cargados de historia nun período tumultuoso, no que personalidades como a raíña Urraca, o seu fillo Afonso, máis adiante emperador Afonso VII, o arcebispo Diego Xelmírez, o conde Pedro Froilaz de Traba e a súa familia, e outros nobres galegos, marcan o futuro de Galicia.

A pesar dos disturbios e loitas, florecía a vida relixiosa nun país, no que ao longo dese século, erixíronse cantidade de igrexas e mosteiros, co selo do románico. E é neste século XII, e máis en concreto, no ano 1135, cando xorde en terras galegas, o mosteiro beneditino de Santa María de Monfero, que uns anos máis tarde, en 1147, converteríase en cisterciense. Dende o primeiro intre, como veremos, O Buriz aparece ligado a fundación de Monfero.

O Mosteiro de Santa María de Monfero está situado na provincia da Coruña, a uns 20 Km. de Pontedeume, nas sierras de Cela e Moncoso; e hoxe atópase todo o conxunto en ruínas, agás a súa igrexa, a pesar de haber sido un dos centros monásticos máis importantes da Orde Cisterciense en Galicia. Dise que tivo entre os seus muros a mellor biblioteca de Galicia.

No lugar onde hoxe está situado o mosteiro, existía anteriormente a ermida de San Marcos. Probablemente, polo ano 1114, foi construída ou reconstruída polos seus propietarios don Afonso Bermúdez e don Pedro Osorio. O motivo debeu ser o que se refuxiaron naquel lugar, os irmáns de don Afonso: don Osorio Bermúdez e don Froila Bermúdez, os cales apuñalaran ao mordomo da raíña dona Urraca, e por temor a esta, fuxiran a terras de Monfero. Estes feitos, segundo Gregorio de Argaiz, ocorreron no ano 1112. Os seus bens lles foran requisados e distribuíronse entre outros membros da familia, entre eles o seu irmán don Afonso. Este, como consecuencia da partición da herdanza, recibiu o couto de Monfero, e "non podendo asistir dela e andando en servicio do Rei", dispuxo reconstruíse (¿ou construíse?) a ermida situada no lugar chamado a "Era Vella", baixo a advocación de San Marcos Evangelista, con obxecto que desde alí, se bendicisen os froitos nas rogativas deste Santo.

O ano 1134, os cabaleiros don Afonso Bermúdez e don Pedro Osorio, que eran naturais da terra de Monfero e posuían grandes propiedades neses lugares, se atopaban residindo na cidade de Toledo, nos momentos en que o Emperador Afonso VII preparaba a súa campaña contra Al-Andalus e partía cun poderoso exército para terras andaluzas.

É probable, que o 3 de maio de 1134, estes dous cabaleiros, Don Afonso e Don Pedro, tío e sobriño, pensando en retirarse da vida militar, procedesen a comezar as obras para a construción do Mosteiro. Algunha crónica dinos que nesa data, Don Afonso VII, acompañado da súa irmá a infanta Dona Sancha, visitou o lugar de Monfero, procedendo á colocación da primeira pedra do Mosteiro, a cuxa cerimonia asistiron os nobres don Pedro Osorio e don Afonso Bermúdez, descendentes do antigo solar e casa dos Osorio, naturais, señores e propietarios daquelas terras e cotos de Monfero. Di esa mesma crónica, que estes mesmos cabaleiros, verdadeiros fundadores do Mosteiro, achados ao servizo do Rei formando parte da súa corte en Toledo, rogáronlle viñese, como así fixo, a colocar a primeira pedra.

O certo, é que a seguir destes feitos, Don Afonso VII, coa axuda da súa irmá Sancha, despachou comisionados ao Abade don Florencio do Mosteiro de santa Marina de Valverde para que lle enviase uns monxes. É en Agosto de 1134, cando se incorporan ao lugar de Monfero seis monxes da Orde de San Benito, enviados por Don Florencio, Abad de santa Marina de Valverde, no Bierzo, entre os cales, estaba o que foi o primeiro Abade do noso Mosteiro, Don Munio, que sabemos que faleceu en 1152, e o Prior, don Froila, por sobrenome "o ermitaño", os cales, segundo din os textos, viviron ao principio en chozas e usaron como igrexa a antiga ermida de San Marcos.

Outras fontes confirmannos a data de chegada dos monxes, pois din que o Abade don Florencio, tres anos despois do seu envío a Monfero, trasladouse a Santa María de Carracedo, e está documentado que en 1138 era Abade deste Mosteiro. Iso lévanos tamén ao ano 1134.

Din tamén os memoriais, que tres meses antes de que chegasen os monxes en agosto, comezaran as obras da primitiva igrexa. Iso coincide coa data do 3 de maio que dixemos anteriormente.

Sobre a edificación da igrexa sabemos que era de estilo románico, de tres naves, e a súa construción realizouse ao mesmo tempo que o edificio do mosteiro. Foi derruída entre os anos 1620 e 1622, parece ser que se atopaba en mal estado, comezando de seguida a construción da que hoxe coñecemos.

Apoiando a construción deste novo mosteiro, o Emperador Afonso VII, o 5 de decembro de 1135, emite dous Privilexios mediante os cales fai mercé do sitio en que se había fundado o Mosteiro, e demarca os termos da súa xurisdicción. Di que nese momento se estaba construíndo. O pergameo, que se conserva no Arquivo do Reino de Galicia, pon claramente a citada data e é confirmado por documentos posteriores.

Mediante documento de data 13 de maio de 1136, don Pedro Osorio e don Afonso Bermúdez, efectúan doazón ao Mosteiro de Monfero de diversas facendas e posesións e deciden profesar o hábito. Faino primeiro Don Afonso, e despois Don Pedro, e levárono durante trece anos. Máis adiante tomouno Don Juan Peláez, neto de Don Pedro Osorio. É de supoñer, que entón formaban a comunidade un mínimo de nove monxes.

Coñecemos tamén unha doazón, do 3 de decembro de 1135, de Gundisalvo Menéndez, da metade do beneficio de San Fiz, e outra do 1 de xullo de 1137, de Dona Lupa Pérez de Traba, dunha herdade en San Pedro de Buriz, que comeza a ligazón da poderosa familia dos Traba con Monfero. Comeza a andadura así do que ía ser o Imperial Mosteiro de Santa María de Monfero, cunha vida de 700 anos.

Un dos problemas que se presentan ao analizar as orixes do Mosteiro de Monfero é o definir cando se produciu a súa filiación á Orde cisterciense.

As táboas do Císter, poñen como data de incorporación oficial de Monfero o ano 1201. Pero tivo que ser bastantes anos antes. O feito de que no ano 1152, un monxe

pertencente á Orde cisterciense, en concreto de Oseira, se incorporase como Abad ao noso Mosteiro fainos supoñer que a filiación de Monfero ao Císter xa se producira.

Temos a sorte de que se conserve no Arquivo Histórico Nacional un Memorial ou Tombo, rexistrado como Códice 259 B, no cal, no capítulo XXVII, folio 23-r, di o seguinte sobre a filiación do Mosteiro de Monfero á Orde do Císter:

"Vendo don Nuño, primeiro Abbad d'este Mosteiro que florescia grandemente no insigne Mosteiro de Sobrado, tan veçino ao seu, a observancia e disciplina da santa Regra debaixo da reformaçión de Císter, que de cinco anos atrás había començado naquela relixiosa Cassa, deseos de imitala e seguir aquel sancto e nuevo Ynstituto, tratou cos seus monxes de que, deixando o hábito negro con que se estaban desde que viñeron de seu casa de profesión, Sancta Mariña de Valverde, recibiesen o branco cisterciense. Viñeron todos moi de vontade naquilo e non o dilatando máis, ynvíaron logo polo Abbad de Sobrado, don Pedro, discípulo do noso Pai san Bernardo, o cal acudindo con puntualidade e presentándose no capítulo d'este Mosteiro, lles deu a todos o ávito branco, e así o dito Abbad don Munio como os seus monxes e frades leigos, alí yn continente déronlle a obediencia, sujetándose a todas aquelas condicións e particularidades de superioridade que se allan expressadas na carta de charidad, co cal, desde aquel día, este Mosteiro de Monfero quedou por fillo de Sobrado".

E para corroborar o anterior, temos unha fonte allea ao Mosteiro de Monfero, que é un Memorial ou Tombo do Mosteiro de Sobrado, que se conserva en orixinal manuscrito sobre papel no ano 1633, no Instituto Pai Sarmiento de Santiago e do cal recollo o que menciona sobre o noso Mosteiro:

*"E en 1147, vendo o Abade don Munio que florecía en Sobrado a formación do Císter, viño e pediu aquí o hábito e suxeitouse así e ao seu Mosteiro de Monfero a este de Sobrado, e o Capítulo deste Mosteiro recibiron o hábito branco e o Emperador véndoos xa cistercienses recibíunos no seu amparo e protección con especial Privilexio..."* Foto do Mosteiro de Sobrado

Como resumo, e polo claramente exposto, temos que dicir, que o Mosteiro de Monfero afiliouse ao Císter a través do Mosteiro de Sobrado no ano de 1147, aproximadamente doce anos despois da súa fundación. A data de 1201, é a da súa inscrición oficial no Capítulo Xeral.

Por ser un mosteiro de tanto prestixio gozou do favor real. Así o primeiro privilexio real que coñecemos, de data 5 de Decembro de 1135, é o xa citado de Afonso VII, quen, xuntamente coa raíña Berenguela e os seus fillos Sancho e Fernando, acotou, a requirimento dos cabaleiros Afonso Bérnudez e Pedro Osorio, todo o territorio que debía comprender a fundación do Mosteiro de Monfero, detallando minuciosamente todos os seus límites. Ao mesmo tempo tomou baixo a súa protección e amparo aos monxes, lles eximiu do pagamento de certos tributos, deulles liberdade para abandonar as súas herdades cando así lles conviñese, deixando a metade do adquirido, prohibiu que ninguén puidese ter vasallos dentro do couto de Monfero sen consentimento do Abade, etc. O 1 de novembro de 1152 volveu o monarca a tomar baixo a súa protección a igrexa de Santa María, "quae est sita in Monte Fero, quae vulgo dicitur Monsferus".

O seu fillo Fernando II continuou favorecendo a Monfero. Polo seu diploma concedido en 1177 toma baixo a súa protección e amparo ao Mosteiro e ao seu abade Xoán, ás herdades do mesmo e aos seus homes, eximiéndolles de novo do pagamento de tributos, entre eles a peaxe en todo o reino, por terra e por mar. O 2 de decembro do citado ano outorgou igualmente privilexio de couto para as vilas de Buriz e Labrada, pertencentes a Monfero, ao tempo que sinalou os termos das mesmas.

Fernando III ao seu paso por Sobrado (28.1.1232), conferiu a Monfero a exención de xurisdicción real de todos os vasallos dos monxes, e asumiu a protección e

salvagarda dos bens do mosteiro. Ordenou ao mesmo tempo, por outro novo diploma, que non fosen prendidas as bestas de carga nin os haberes pertencentes aos vasallos, agás en presenza do señor da terra ou do meiriño do mosteiro, baixo pena de cen maravedís e da peza de roupa dobrada.

Afonso X ordenou en 1268 que os devanditos vasallos non pagasen “yantar” ao adiantado de Galicia.

Sancho IV, en 1291, sentenciou contra a xustiza de Pontedeume para que os vasallos do convento non concorresen a ela nas súas diverxencias, senón ao meiriño posto polos monxes.

Fernando IV ratificou o dereito dos abades a poñer meiriño e xustizas en súas cotos.

A extraordinaria amplitude do patrimonio económico adquirido polos monxes suscitou a cobiza dos señores poderosos, que cometeron con eles non poucos atropelos, véndose forzados a recorrer ao Rei en demanda de protección e amparo. Tamén os mesmos eclesiásticos non debían ver con bos ollos aquela preponderancia adquirida polos monxes, tanto no campo económico como o eclesial. Parece a única explicación dos continuos preitos que tiñan que soste contra os cabidos. É moi salientado o litixio sollado entre Monfero e o arcebispo de Santiago, na primeira metade do século XIII, por negarse os monxes a asistir aos sínodos diocesanos e a recibir tanto ao arcebispo como ao arcediano da terra de Nendos. Segundo López Ferreiro, a querela recrudeceuse ata o punto de chegar a cometerse atropelos contra os monxes, que non querían someterse nin ceder os seus dereitos, apoiados en concesións pontificias que lle foran outorgadas directamente ou por medio da Orde. Recorreuse incluso á Santa Sede, a cal nomeou entre os delegados ao Bispo de Tuy; estes delegados lograron avir ás partes a unha concordia, asinada en maio de 1235, en cuxa virtude se perdoaban mutuamente todos os agravios, ao tempo que os monxes se comprometían a recibir e a aloxar na casa tanto ao arcebispo como ao arcediano de Nendos, sempre que xirasen visitas polas igrexas da volta.

Monfero atravesou un período crítico, ao igual que a case totalidade dos mosteiros, en que se viu gobernado por abades comendatarios que levaron a casa ao afundimento case total na orde espiritual e material. Os impostos aos colonos deberon ser moi gravosos, posto que estes, nunha ocasión, en 1492, atravesaron cunha saeta ao abade Jácome Calvo, cando viña de Betanzos. No mesmo sitio, colocouse logo unha cruz que se chamou a cruz do Abade. Máis tarde, en 1511, outros dous asasinatos, ocorreron ás mesmas portas do mosteiro, os de frei Benito Gavilanes e un dos monxes.

A esta situación de decadencia veu a poñer fin a Congregación de Castela, á cal se incorporou o Mosteiro en 1506, en tempo do reformista frei Pacífico Liaño. Desde esta época comezou unha nova etapa de florecemento en todos os ordes: aumentou considerablemente o número de monxes e moitos deles chegaron a ocupar os postos moi importantes na Orde.

As melloras de todo tipo, en especial as económicas, posibilitaron o inicio dunha longa etapa de renovacións constructivas que, neste caso concreto, non só afectaron ás estadias comunitarias propiamente, senón tamén á mesma igrexa abacial, substituída no século XVII, a partir do ano 1623, pola espléndida fábrica actual. A derruba da antiga igrexa foi ordenada polo abade Tomás de las Peñas, e púxose como desculpa que a antiga, de estilo románico, se achaba en estado ruinoso.

A igrexa de Monfero presenta hoxe planta de cruz latina cunha soa nave no brazo lonxitudinal; outra de cruceiro, perfectamente acusado, e encabezamento cunha gran capela maior, rectangular, enmarcada por outras dúas, unha por cada lado, tamén rectangulares, de escasa profundidade.

Entre os acontecementos máis sobresaíntes na historia de Monfero, está a vinculación multiseccular á nosa Señora de Cela, cuxa devoción segue chea de vigor no momento presente, pois a súa romaría, o 2 de Xullo, é unha das máis concorridas da comarca. Sobre as orixes desta imaxe se sabe que no século XVI apareceu recibindo culto nunha ermida da comarca do mosteiro, tan ruínosa e desvencellada, que optaron por trasladala á igrexa abacial o 1 de Xullo de 1564.

Case á hora da despedida, inxusta e dorosa, no ano 1805 un raio destruíu o cimborio da igrexa de Monfero, arruinando a media laranxa, e ocasionou non poucos desperfectos no resto do templo. A reconstrucción, comezada en 1807, suspendeuse por mor da revolución francesa, que afectou de rebote ao mosteiro. Neses momentos a comunidade chegou a un estado económico moi precario por non poder os colonos contribuír coas súas rendas. A pesar de iso, os monxes de Monfero deron exemplo de patriotismo cando se obrigaron a contentarse con media ración e ofreceron aos habitantes betanceiros un donativo, á parte dos impostos, consistente en 33.000 reais en metálico, 100 fanegas de centeo e 50 cabezas de gando. A reconstrucción do cimborio puido finalizarse en 1817.

Se segundo parece, os monxes non tiveron que dispersarse cando a invasión napoleónica, non aconteceu o mesmo durante o período constitucional. O 12 de decembro de 1820 víronse obrigados a abandonar a casa, aínda que a maioría permaneceu nas inmediacións do mosteiro; así puideron vixiar e salvar, de momento, todo canto no seu interior había, ata que chegou unha orde terminante de afastamento. Ao regresar os monxes en 1823, o mosteiro achábase completamente desmantelado e inhóspito e tiveron que se afrontar de novo á súa reconstrucción, ben alleos a que moi pronto, en 1835, chegaría a dispersión definitiva imposta polas leis desamortizadoras. En van intentouse unha reorganización da vida monástica en 1882, debido ao interese de Rodrigo Pardo González, pois ao pouco tempo de reunir un grupo de monxes, tiveron que dispersarse de novo por diversas causas. É fama que o escritorio de Monfero, lugar de estudo dos monxes, era dos máis perfeccionados, xa desde os seus primeiros tempos, o que supón nos seus monxes unha cultura excepcional. A tonco con iso, estaba a biblioteca e arquivo, e como dato interesante podemos engadir que un dos seus monxes percorreu os mosteiros principais de Europa para recoller dos seus arquivos libros e noticias con que enriquecer o da súa propia casa.

Por último, dicir que o mosteiro foi rexido desde a súa fundación (Munio, 1135-1152) ata a súa desaparición (Antonio Iglesias, 1832-35), por 159 abades.

## **5.2. A relación entre O Buriz e Monfero na documentación histórica**

O mellor coñecedor da documentación de Monfero é D. Xosé Lois López Sangil, Presidente da Asociación de Historiadores de Galicia, residente na Coruña, a el debo poder usar todo este material.

As Fontes documentais para o estudo de Monfero son hoxe moito máis accesibles que fai uns anos. As principais son as seguintes:

A primeira é un memorial, escrito por frei Bernardo de Cardillo de Villalpando en 1618, e completado por Frei Bernardo de Armuño en 1668, que na súa anteportada, en letras grandes e vermellas, ten o título, traducido ao galego, de "Tombo, doazón e fundación deste Imperial Mosteiro de Monfero e sus cotos e xurisdicións coas grandezas do devandito Mosteiro". Está formado por 42 folios de pergameo de 30,5 X 25,5 cm., encadernados. Está no Arquivo Histórico Nacional, na súa sección de Códices coa antiga sinatura 303 e actual 259 B.

A segunda fonte é un manuscrito titulado "Fundación do Mosteiro de Monfero". Atópase no Arquivo do Reino de Galicia, no fondo Vaamonde Lores do ARG, coa sigla VL.

A terceira fonte importante é o libro seguinte: "Tombo deste Mosteiro e das súas feligresías de san Fiz e santa Xuliana, Xestoso, Labrada e Buriz, ademais do condado de Vilalba", escrito no século XVIII, encadernado en pergameo e figurando no lombo o N° 50, numeración correspondente á antiga do arquivo do Mosteiro. As súas medidas aproximadas son 30 X 21 cm. O folio 1 trae o título do libro, ao que segue, ata o folio 3 inclusive e escrito por ambos lados, o memorial titulado "Privilexios Reais". ARG sinatura C 256.

A cuarta fonte é un tomo ou códice do ano 1561, escrito por dous ou máis monxes de Monfero. Atópase no Arquivo Histórico Municipal da Coruña, sen sinatura no fondo Martínez Salazar. Tombo vello de 1561.

A quinta fonte é o índice de documentos en pergameo, clasificados por Granxas, que se conservaba no arquivo do Mosteiro o ano 1833, e que hoxe se conserva no Arquivo Municipal da Coruña, no fondo Martínez Salazar. A clasificación dos documentos é por Granxas, e en cada unha delas ordénaos de acordo cun groso número que podemos ver na parte posterior do pergameo, e non cronoloxicamente. O índice foi escrito persoalmente polo último Abade del Mosteiro, Frei Ambrosio Iglesias ao que tocou a triste misión de abandonar definitivamente o Mosteiro en agosto de 1835 con motivo das leis de exclaustación. Índice do arquivo de 1833.

### **a. Padroado**

O dereito de Padroado deriva do dereito de propiedade que tiñan os fundadores de igrexas particulares dos primeiros séculos do cristianismo. A partir da segunda metade do século XII o papa Alexandre III transforma habilmente o dereito de propiedade en dereito de padroado quedando este reducido a privilexios de orde temporal en recoñecemento e gratitude por parte da igrexa. Do dominio temporal que exercían os particulares sobre as igrexas por eles fundadas, nomeando os clérigos e dispoñendo dos beneficios que producían, pasan a ostentar o "*ius patronatus*", dereito de protección sobre os bens e dereitos da igrexa co privilexio de presentación de clérigos que o bispo nomearía se os consideraba idóneos engadindo outros privilexios como concesión de postos honoríficos nas igrexas, reserva de sepulturas etc.

O código de Dereito canónico (canon 1448) define o Padroado así: "*Suma de privilexios, con certas cargas, que por concesión da Igrexa -sempre agradecida aos seus benfeitores- competen aos fundadores católicos dunha igrexa, capela ou beneficio, ou tamén aos seus sucesores*". No mesmo canon prohíbese establecelos no sucesivo e para os que subsisten díctanse normas: presentar clérigos para a igrexa ou beneficio vacante; obter por equidade alimentos das rendas da igrexa ou beneficio se o patrón queda reducido á indixencia; e gozar de determinadas deferencias de tipo honorífico, postos reservados na igrexa, nas procesións etc.

Non hai constancia de que a igrexa de Trobo fose fundación dun particular nin tampouco hai documentos que acrediten que fose creada polo mesmo pobo. Sobre a orixe e os primeiros tempos desta igrexa ata agora non hai ningún dato. aparecen familias que ostentan dereitos de presentación a partir do século XVI como veremos máis adiante.

### **b. Os foros**

O foro é un sistema de arrendamento en que o señor dono da terra conserva para si o dominio directo sobre ela e cede ao campesiño o dominio útil baixo unha renda anual fixa, xeralmente en especie, e outras cargas e condicións como recoñecemento do señorío temporal como: caza, mel, manteiga, capóns etc., ou determinados traballos e servicios ao arbitrio do señor, como xantares aos que recollían as rendas, xornadas de traballo etc; condicións que se engadían ao contrato e que o campesiño tiña que ofrecer coma vasalaxe a tal señor. Os foros eran perpetuos ou temporais. Os foros perpetuos favorecían ao campesiño porque lle daban a seguridade de ter terras onde traballar e, aínda que a renda era fixa houbera ou non boa colleita ou condicións desfavorables, sempre habería a esperanza de poder resarcirse; mentres que os foros temporais favorecían ao señor do dominio directo que podía cambiar as condicións e actualizar as rendas rematado o prazo de concesión que podía ser polo período de tres voces (= tres xeracións), tres reis, tres papas etc., ao que adoitaba engadirse uns anos máis; por exemplo: por tres voces e vintenove anos máis, onde remataba o aforamento.

Coñecemos unha doazón, do 3 de decembro de 1135, de Gundisalvo Menéndez, da metade do beneficio de San Fiz, e outra do 1 de xullo de 1137, de dona Lupa Pérez de Traba, dunha herdade en San Pedro de Buriz, co que comeza a ligazón da poderosa familia dos Traba con Monfero. E dicir, a nosa parroquia aparece vinculada documentalmente coa nova fundación nos primeiros intres da vida monástica en Monfero. Estas relacións non sempre serán pacíficas e de entendemento entre os monxes e os veciños. Ano 1135. Don Bermudo Pérez de Traba doou ao mosteiro a metade do beneficio de San Pedro de Buriz e unha parte da outra metade a súa esposa, e o demais, a condesa dona Loba.

13 de maio do 1136. Don Alonso Bermúdez e don Pedro Osorio, xuntamente coas súas persoas e a dun neto do último, chamado Xoán Peláez, fan doazón a Deus, a Santa María e ao Mosteiro de Monfero das porcións e quiñones que posúen en San Mamerto de Cerquido (Cerqueiros), igrexa de San Isidro de Pruzos, San Paio de Eigón, Rioseco, San Vicente de Maia, San Pedro de Buriz e San Xulián de Cebreiro.

1 de xullo de 1137. Doazón de dona Lupa Pérez de Traba dunha herdade no lugar da igrexa de San Pedro de Ovoriz (Buriz). 1 de agosto de 1144. O conde don Gonzalo, coa súa muller dona Elvira Rodríguez, e dona Teresa, irmá da dita condesa, doaron a este mosteiro toda a facenda que tiñan en Buriz, segundo se demarca na escritura.

1 de xullo de 1147. O conde Fernando Pérez de Traba e os seus irmáns Bermudo Pérez e Lupa Pérez, a súa seu hermanastra Toda Pérez, doan ao mosteiro de Monfero a igrexa de San Pedro de Buriz, demarcándoa polos seus termos. Igualmente a de San Vicente de Amaya (Malía), a metade de Santa Xuliana de Cevreiro (do Cebreiro).

1 de xullo de 1157. Doazón de Bermudo Pérez de Traba, a súa muller Urraca Enríquez e os seus fillos ao mosteiro de Monfero da metade da igrexa de San Pedro del Buriz, con todos os seus dereitos, e cuxos lindeiros sinálanse con todas as súas pertenzas.

1 de xullo de 1157. Doazón do conde don Gonzalo Fernández ao mosteiro de Monfero da metade que ten da igrexa de San Pedro de Buriz coas súas herdades. Este conde é o fillo de don Fernando Pérez de Traba. Este documento ten a rareza de que, aínda que foi outorgado en tempos de Afonso VII, está subscripto á pata polo rei don Fernando, o cal aínda agrega que acota os termos dos que don Gonzalo doou.

1 de xullo de 1157. Doazón do conde Gundisalvo Fernandit (Gonzalo Fernández), na que dá ao mosteiro de Monfero a parte que lle corresponde na igrexa de San Pedro de Ovorit (Buriz).

1 de xullo de 1157. A condesa dona Loba e os seus fillos doaron a este mosteiro as herdades que tiñan en Buriz.

15 de marzo de 1159. O conde don Fernando González de Traba doou a este mosteiro o lugar de Bustelo, e o rei don Fernando concedeu a xurisdición e fíxolle couto.

31 de decembro de 1164. O conde don Gonzalo Fernández, fillo de don Fernando Pérez de Traba, doou a este mosteiro os lugares de Estremil e Gatelle.

15 de marzo de 1167. O conde don Fernando González doou a este mosteiro o lugar de Bustelo, en Buriz. O rei don Fernando faino couto deste mosteiro.

Ano 1171. Relación das propiedades sitas en Corvite, perto de Buriz, e en san Cristobo, que foron doadas ao mosteiro polos descendentes de Vermudo Nazaiz, sendo abade do mosteiro de Monfero don Xoán Muñiz.

Ano 1172. Martino Suárez doou a este mosteiro o lugar de Gia.

1 de marzo de 1176. Don Obequo Gutiérrez dona ao mosteiro parte do lugar de Corbite, San Cibrao e San Cristobo.

1 de marzo de 1176. Don Fernando Gutiérrez, chamado Saguero, doou a este mosteiro o lugar de Corbite, o de San Cibrao e o de San Cristovo.

O rei Fernando II foi un gran favorecedor de Monfero. Por un diploma seu, concedido en 1177, toma baixo a súa protección e amparo ao Mosteiro e ao seu abade Xoán, ás herdades do mesmo e aos seus homes, eximíndoos de novo do pagamento de tributos, entre eles a peaxe en todo o reino, por terra e por mar. O 2 de Decembro do citado ano outorgou igualmente privilexio de couto para as vilas de Buriz e Labrada, pertencentes a Monfero, ao tempo que sinalou os termos das mesmas.

Con data 2 de decembro de 1177, en Jema, foron emitidos tres documentos a favor do Mosteiro de Monfero, desde a chancelería de Fernando II, cando este regresaba da súa victoria en Xerez.

Do primeiro, no que acota os termos das Granxas de Buriz e Labrada, existen dúas transcricións: a primeira figura nun documento sobre papel selado do ano 1800, no que o Mosteiro presenta os seus títulos de propiedade das feligresías de Buriz, Labrada, Xestoso, santa Xuliana e san Félix de Monfero. Entre eles, está o Privilexio de Fernando II, do 2 de decembro de 1177, que a seguir transcribimos:

*Y por otro Privilegio del Rey don Fernando, dado en Gema a dos de diciembre de 1177, constó que junto con su hilo el Rey Afonso, siguiendo los vestigios del Emperador Afonso, su padre, había procurado exaltar por amor de Dios, así con dones como con dignidades el Monasterio de Santa María de Monfero en Eremo, y habían concedido, loado y confirmado todo lo que otros dieron, y diesen, por lo cual reconocían la gracia de Santa María Virgen y de todos los Santos en la tierra, y por emérito de la doazón deseaban hacerle para el cielo, por lo cual recibieron las Granjas de Buriz y Labrada en su guarda y defensa, y hicieron coto en ellas y del coto hicieron Carta de Seguridad y libertad a Dios omnipotente, y a la bien aventurada Virgen María, y al Monasterio de Monfero, y a el Abad Xoán que había sido monje de Osaria (Oseira) y entonces lo era del mismo lugar y a todos los monjes que servían a Dios en el mismo lugar, y así presentes como futuros, que había de valer perpetuamente, poniendo también a las referidas Granjas, y estableciéndolas el Coto llamado por los término y lugares antiguos, desde el Puerto que estaba entre el Puerto Gallineiro y Villar de Boade, y desde allí como se iba desde el mismo Puerto en derechura a la Fuente de los Sagrados, y desde ésta como se extendía al Puerto de Lea por la misma agua en derechura al Puerto que llamaban Largo, y de allí como se salía del mismo Puerto y se iba al que llamaban de los Carris, y desde éste como se salía de él y se iba a la piedra que llamaban de Basquas, y desde ésta como se iba a la Arca, que llamaban*



*de Villar Silbes/tre, y desde ésta como se subía a la Cumbre del Monte que se llamaba Piedra Sola, y corría en derechura a Mamoá de Corbiti, de allí al Monte de Curatelu, como se extendía en derechura al propio monte de la Arca, que llamaban de Tascais, y de allí según se extendía en derechura al Puerto que se llamaba de don Pedro, y como se salía de él en derechura a Mamoan, que se llamaba de Afonso, y por la misma Mamoá al lugar que llamaban Nido de Cornelia, y de allí como se extendía en derechura a la Piedra de Xobe, y desde ésta como se extendía en derechura al coto de Lestido. Cuya liberación y doazón perpetuamente hizo el enunciado señor Rey, por sufragio de su alma y las de sus parientes, y mandó que en adelante nadie se atreviese, ni persona eclesiástica, secular, juez real ni merino, a querer molestar dicho Monasterio sobre la referida liberación ni tomar cosa de ella, ni tener potestad, ni pedirla, sino que todo lo que perteneciere o pudiere pertenecer a la voz del Rey, así en las heredades, como en los foros reales, fuere del referido Monasterio y Abad mencionado y de sus sucesores, y de los monjes del convento que había y hubiese habitantes en él en todo tiempo libres y exenta de toda inquietud, pero que si algunos de los suyos u otros, presumieren ir contra éste hecho espontáneo, o quisieren intentarlo, incurriesen, además de la ira de Dios, en la real indignación, y fuesen condenados en el infierno, y que de parte de sus majestades, fuese condenada hasta la séptima generación, sino satisfaciere plenamente al referido Monasterio y a los religiosos habitantes allí en todo tiempo, y por la osadía temeraria impusieron varias conminaciones.*


Outro documento que nos fala da relación entre o O Buriz e Monfero é unha doazón, feita aos 22 anos da fundación do Mosteiro de Monfero, por Bermudo Pérez, Conde de Traba e a súa Muller D<sup>a</sup> Urraca, irmá de Afonso Enríquez, primeiro rei de Portugal, na que dona ao Mosteiro de Monfero a metade da Igrexa de San Pedro de Buriz.

Esta posesión fora propiedade de Osorio Bermúdez e pertencera ao Mosteiro de Sobrado no Condado de Présaras que fora, a súa vez, dono das terras de Buriz. Os condes de Traba son descendentes da familia de san Rosendo e entre eles atopase o conde Osorio Bermúdez. Esta familia está vencellada a fundación de Sobrado e de Monfero O cal quere dicir que antes desta data xa existía a parroquia de Buriz coa dedicación a san Pedro.

O documento está datado o 1 de xullo de 1157, o texto é como segue: (Crismón) *“In nomine sanctae et individue trinitatis patris et filii et spiritus sancti et beatissima et gloriosa semper virginis marie et beati petri apostoli et beatorum apostolorum, martirum, confessorum atque virginum et omnium sanctorum in cuius nomine fundata est ecclesiae sancte marie de montis feri. Un ego veremundus prolis petriz et uxor mea urracha enriquez et filiis et filiabus nostris (...) donamus ad monasterium sancte marie montis feri medietatem de ecclesia sancti petri de ouorit cum omnia súa directura (...) per terminos et locis antiquis quos predecesores antiqui nostri composuerunt; scilicet: per rívolo torto, deinde per mámoa de uce et inde per mámoa de coruiti, et deinde per castro podamio, et inde per porto de carros, et quomodo et quomodo se iuncta aquam quod venit de lea in rivulo sub portum lamosum, et quomodo vadit at ipsum portum de lea, et inde per monten de Carualosa, et deinde per ipso castelo et per pena de gralias quomodo uadit ad ipsum portum de riulo torto. Damus et offerimus ad ipsum monasterium iam nominatum, medietate de ipsa ecclesia supra scripta, per ipsos terminos iam nominatos, quantum ad ipsam ecclesiam pertinet. Damus eam pro remedium animarum nostrarum et parentum nostrorum, et habemus habemus eam de osorio veremudit, qui dedit eam mihi pro meo habere qui debebat mihi pro qui persit*

*mihi in genrozo et proinde dedit mihi ipsa ecclesia superius nominata; et ego dono eam ad monasterium Sanctae marie montis feri in presentia abbatis iohannis et conventu ipsius monasterii ut. Participes efficiam in omni bono que ibi factum fueri in omne tempore, tan ego quam parentum meorum uel progenie mee, et ut. Habeant illi qui tibi degentes degentes fuerint uitu et uetitu, qu uita sancta perseuerauerint, et hanc donationem dono libenter ut. Semper sit firmiter in iure ipsius monasterii euo perhenit et secula cuncta. (...) Abbate iohanne de trasparrega confirmat (...) Abbas iohannis cum omn conventu confirmat. Ego Fernadus Rex. Mitto cautum súper has hereditates. Petrus qui notuit”.*

**O seguinte documento é de vinculación Buriz-Monfero e do 2 de xullo de 1177. é un Privilexio rodado polo que o rei Fernando II de León acota ao mosteiro de Monfero as vilas de Oborit (Buriz) e Labrada.**



*“Facta carta apud Xeniam III nonnis decembris. In era M<sup>a</sup> CC<sup>a</sup> XV<sup>a</sup>.”*  
*[Crismón] In nomine domini Ihesu Christi, amen. Catholicorum regum decet celsitudinem sancta loca et religiosas personas diligere ac venerari atque in praediis [roto] /<sup>2a</sup> ampliare. Ea propter ego dominus Fernandus Deo gratia Rex Hispaniarum vobis domno Johanni abbati et omni conventui Sancte Marie de Montefferro cauto [roto] /<sup>3a</sup> vestras, scilicet Sanctum Petrum de Ovorit et Sanctam Mariam de Lavrada cum omnibus terminis, directuris et adiunctionibus suis, videlicet per Palos de Comite, inde /<sup>4a</sup> ad Portum de Ystrimir, inde ad Portum de Rivulo Torto, deinde per [borrado] aquam ad Portum Longum, deinde ad Portum de Curribus, inde ad Ligram [roto] /<sup>5a</sup> coes, deinde cum vadit ad cautum montis ad petram solam, inde ad mamoam de*

Curviti, deinde ad montem de Ciritelo, inde ad mamoom de Velosa, deinde ad mamoom [roto] /<sup>6a</sup> Alffonso herit, inde ad Petram de Iove, que est in Villare de Iove et Candeyro, deinde ad Palos de Comite ubi primo fuit. Cauto igitur vobis et successoribus vestris prefatas villas cum suis terminis supra dictis, taliter ut ab hac die et deinceps eas in pace possideatis et nullus sit ausus vobis in predictis villis vel /<sup>8a</sup> earum possessionibus malum facere vel iniuriare nec liceat maiorino regis vel sagioni nobili vel ignobili aut domino regi vel etiam alicui de parte regia vel extranea predictas villas /<sup>9a</sup> intrare vel rumpere nec in eis fazendariam seu aliquod forum regium demandare. Et hoc facto intuitu Dei et beatissime Virginis Marie et pro remedio anime mee parentumque meorum, /<sup>10a</sup> ut cum dictis Dei partem habeam in regno suo et vivam in sancta sanctorum amen. Si quis igitur tam de meo genere quam de alieno hoc meum voluntarium factum temptaverit iram Dei omni- /<sup>11a</sup> potentis et regiam indignationem incurrat et cum Iuda Domini traditore sit in inferno dampnatus et pro temerario ausu parti regie centum libras auri persolvat et quod invaserit /<sup>12a</sup> monasterio in quadruplum reddat et hoc scriptum semper firmum maneat. Facta carta apud Xeniam IIII nonnis decembris in era M<sup>a</sup> CC<sup>a</sup> XV<sup>a</sup> regnante domno Fernando Legionem /<sup>13a</sup>, Estremadura, Galletia et in Austuriis.

Ego dominus Fernandus Dei gratia rex Hyspaniarum hoc scriptum quod fieri iussi proprio robore confirmo.

[1<sup>a</sup> columna]

Petrus, sancte compostelane ecclesie, confirmat

[Roto] legionensis episcopus, confirmat.

Johannes, lucensis episcopus, confirmat.

Vitalis, salamantinus episcopus, confirmat.

Adefonsus [roto] episcopus, confirmat.

Beltranus, tudensis episcopus, confirmat.

Rabinatus, minduniensis episcopus, confirmat.

Fernandus, austoricensis episcopus, confirmat.

Villelmus, zemorensis episcopus, confirmat.

Petris, Civitatis episcopus, confirmat.

[2<sup>a</sup> columna]

Velascus, comes in Limia, confirmat.

Comes Gomet in Transtamar confirmat.

Adefonsus, comes in Civitate et Salamantica, confirmat.

Gundissalvus, comes sine terra, confirmat.

Gundissalvus Orosii, regis maiordomus, confirmat.

Fernandus Guterrit, regis signiffer, confirmat.

Fernandus Pontii sine terra [roto]

Fernandus Vele in Austuriis [roto]

Fernandus Roderici in Benevento [roto]

